

Domingo, 15 de marzo de 2020

CIRCULAR I COVID-19 FAMILIAS

Estimadas familias:

Empezamos a semana ante un novo reto educativo, trátase de facer o seguimento académico e de titoría dos nosos alumnos de forma telemática. Como xa ben sabedes, as últimas instrucións recibidas por parte do goberno autonómico son que **o profesorado non asistirá ao centro**, so haberá presenza dalgún membro do equipo directivo.

Co fin de garantir a continuidade académica e o maior aproveitamento destes 14 días que temos por diante, achegámosvos unhas **instrucións xerais** que serán **válidas para todo o alumnado do colexio**.

- ✓ **A PLATAFORMA EDUCAMOS** quedará aberta para todas as familias de forma gratuíta mentres dure esta situación extraordinaria. O Equipo Directivo fará chegar por correo electrónico ou, de ser o caso por outros medios, os contrasinais e as instrucións que debes ter en conta para darvos de alta. Se non é posible buscaremos algunha alternativa.
- ✓ Os profesores farán o seguimento a diario, segundo o horario do curso dos vosos fillos. Poñeranse traballos de diversa índole que aparecerán no apartado de "TAREFAS" no voso perfil de familias. Estes traballos poderán ser de consolidación e repaso de contidos impartidos, de ampliación ou novos. Non serán avaliábles.
- ✓ As tarefas poderán ter unha data de entrega a medio prazo, ou ben dun día para outro. Os alumnos de ESO, desde o seu perfil alumno, terán a posibilidade de enviar de volta as tarefas realizadas aos profesores, adxuntando os arquivos nunha mensaxe. No caso das etapas de infantil e primaria deberán ser as familias, desde o perfil familias, quen devolva o traballo feito, indicando en asunto da mensaxe o nome do alumno. Estas tarefas son de carácter voluntario. Na medida do posible serán enviadas as solucións das tarefas plantexadas.

- ✓ As titorías realizaranse exclusivamente a través de mensaxes pola plataforma con todo o profesorado. **IMPORTANTE!** A aplicación móbil de EDUCAMOS NON PERMITE ENVIAR MENSAXES NIN ADXUNTAR ARQUIVOS, polo que so se pode facer a través da dirección web da plataforma.
- ✓ Poderase contactar vía telefónica co equipo directivo en caso de ter problemas cos contrasinais e a través dos seguintes enderezos electrónicos:

educamoscoleremedios@nsremediossantiago0365.educamos.com

ifeas@nsremediossantiago0365.educamos.com

yolanda@nsremediossantiago0365.educamos.com

marisalema@nsremediossantiago0365.educamos.com

chus.ferreiro@nsremediossantiago0365.educamos.com

Teléfonos contacto: 646431666 / 981585850

As chamadas telefónicas realizaranse en horario de 9:30 a 13:30 h. preguntando por algún membro do equipo directivo. No caso de non poder ser atendidos deixade recado e durante o día intentaremos dar resposta.

Enviarase información do **calendario de exames de ESO** en próximas circulares.

Temos moi presente que todo este esforzo que faremos desde o colexio para adaptarnos a estas circunstancias pagará a pena, pero ben certo é que para que haxa continuidade no proceso ensino-aprendizaxe é necesario que os alumnos se involucren coas súas tarefas e o seu horario. É labor de todos, familia e escola, facerlles caer na conta de que deben tomar conciencia da responsabilidade que teñen por diante.

Vivamos este momento como unha oportunidade para aprender moito e doutro xeito.

Un saúdo.

